



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Certificados de aforro enerxético (CAE) no sector público

**CONVOCATORIA:** AUTONOMICO, 1ª convocatoria

**GRUPO:** Consellería de Economía e Industria

**ÁREA:** Consellería de Economía e Industria

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	8
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O sistema de Certificados de Aforro Enerxético (CAE) é unha iniciativa novidosa que impulsa a eficiencia enerxético e o aforro de enerxía en varios sectores, entre eles o sector público.

Un CAE é un documento electrónico que garante que se conseguiu un aforro de 1 kWh de enerxía ao ano, o que incentiva o investimento en medidas de eficiencia e contribúe á redución de emisións de CO2.

A Xunta de Galicia pode monetizar os aforros enerxéticos logrados nun ano, cedéndoos a empresas enerxéticas (suxeitos obrigados e suxeitos delegados) e recuperando parte do custo dos investimentos en eficiencia enerxética realizados nesas actuacións.

Entre os obxectivos do curso figuran divulgar o marco normativo e regulamentacións aplicables aos CAEs para que os distintos órganos de contratación do sector público autonómico e da Administración local coñezan as posibilidades de monetizar as actuación de aforro enerxético que desenvolvan no seu ámbito competencial.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional. Persoal ao servizo da Administración Local e das Deputacións provinciais.

### PROGRAMA

1. Introducción ao aforro enerxético.
2. Sistema CAE: conceptos previos e contexto, marco normativo, axentes do sistema, o proceso de conversión do aforro de enerxía final en CAE, actuacións estandarizadas e singulares para calcular os CAEs.
3. Cualificación xurídica do aforro de enerxía no sector público, requisitos e mecanismos de transmisión e monetización do aforro de enerxía final conforme á normativa patrimonial do sector público e outros casos especiais de transmisión.
4. Casos prácticos de monetización do aforro de enerxía final en CAEs.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Enxeñeiros e Enxeñeiros Técnicos da Consellería de Economía e Industria e do Inega
2. Persoal dos órganos de contratación das distintas Consellerías e das entidades públicas instrumentais, da Administración Local e das Deputacións Provinciais.
3. Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 25/05/2026 a 26/05/2026

**NUM. PRAZAS:** 30

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 26/05/2026 ás 12:30h

#### DOCENTES NOMEADOS

EMÉRITO MANUEL FREIRE SAMBADE

Pablo Viaño Lorenzo

M<sup>a</sup> Carmen Togores Nieto

Martin Aller Pérez

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 7:** Os días 25 e 26 de maio de 09:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA